

XI CARREIRA POPULAR DOLMEN DE DOMBATE

A XI Carreira Popular Dolmen de Dombate, enmárcase dentro do XII Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación Provincial da Coruña 2026.

IDEOLOXÍA

A Carreira Popular ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable, e acercar implicar tamén á poboación en xeral para que visite e se conciencie da importancia do xacemento do Dolmen de Dombate.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos. Celébrase o 19 de setembro de 2026.

A posibilidade de participación é:

- Corredores de carreiras: son aqueles deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben nunha proba das que se compón o circuito.
- Na proba de 3 k participarán en categoría sénior independentemente da súa idade.

Na proba de 10 k (categoría de Sub 20, Sub 23, Senior, Máster 1, Máster 2, Máster 3 e Máster 4) a distancia é de 10.000 metros aprox.

CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS DAS CARREIRAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS	HORARIOS
Pitufo/Biberón	Mixto	2019-2023(ambos incluídos)	300 m (aprox.)	18:15h
Sub 10	Masculino Femenino	Nados/as en 2017-2018	1.000 m (aprox.)	18:00h
Sub 12	Masculino Femenino	Nados/as en 2015-2016	1.000 m (aprox.)	17:45h
Sub 14	Masculino Femenino	Nados/as en 2013-2014	3.000 m (aprox.)	17:00h
Sub 16	Masculino Femenino	Nados/as en 2011-2012	3.000 m (aprox.)	17:00h
Sub 18	Masculino Femenino	Nados/as en 2009-2010	3.000 m (aprox.)	17:00h
Sénior 3k	Masculino Femenino	Tódalas idades	3.000 m (aprox.)	17:00h
Sub 20	Masculino Femenino	Nados/as en 2007-2008	10.000 m (aprox.)	18:45h
Sub 23	Masculino Femenino	Nados/as en 2004-2005- 2006	10.000 m (aprox.)	18:45h
Senior	Masculino Femenino	Nados/as 2003 ata 1992	10.000 m (aprox.)	18:45h
Máster 1	Masculino Femenino	Nados/as en 1991 ata 1986	10.000 m (aprox.)	18:45h
Máster 2	Masculino Femenino	Nados/as en 1985 ata 1976	10.000 m (aprox.)	18:45h
Máster 3	Masculino Femenino	Nados/as en 1975 ata 1967	10.000 m (aprox.)	18:45h
Máster 4	Masculino Femenino	Nados/as antes do ano 1966	10.000 m (aprox.)	18:45h

- Cada atleta das categorías competirán na que lle corresponda por idade cumprida no día da carreira.

NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

1. A XI Carreira Popular Dolmen de Dombate rexerase pola regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428 /2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849 /1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. A proba estará subscrita ó seguro de responsabilidade civil do concello. Tamén contará cun seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849 / 1993.
3. A proba contará cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estime oportuno por razón de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Poderanse efectuar reclamacións ante Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordó, por esta orde, as normas da F.G.A., RFEA e W.A. en vigor.
9. A organización porá a disposición dos participantes na carreira unha instalación para que se poidan cambiar e duchar, así como un servizo de garda roupa. No caso do Concello de Cabana de Bergantiños os atletas poderán usar o Pavillón Municipal, situado en A Carballa (na zona do Concello e do colexio) e haberá servizo de Bus antes e ao finalizar a carreira.
10. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
11. A organización poñerá a disposición dos participantes Servizo de Fisioterapia.
12. Descualificacións:
 - O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - Todo atleta que non realice o percorrido completo.
 - O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
13. As carreiras 10k e 3k estarán sinaladas cada kilómetro.

- 14. Na carreira 10 k habilitarase un avituallamento líquido no quilómetro 5 aproximadamente. No resto das carreiras habilitarase o avituallamento especial de meta.**

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓN

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os deportistas menores de idade deberá ir acompañada dunha autorización paterna segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar en www.concello-cabana.es, así coma de www.championchipnorte.com.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se exponen:

- **O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.**
- **Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atención especiais,...)deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.**
- **O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet, para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa a solicitude expresa por escrito.**

SISTEMA DE CRONOMETRAXE/CHIPS E DORSAIS

- **Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito ós cordóns das zapatillas, ou ben xa no dorsal, según modelo).**
- **Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), agás pitufo.**
- **Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).**
- **O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba.**
- **O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.**
- **Tanto os dorsais coma os chips (no caso de non posuílos) poderanse recoller nos seguintes lugares e días:**

- Categorías dende pitufos/biberón a Sub 18: o venres 18 de 10:00 a 14:00 na Casa da Cultura do Concello de Cabana de Bergantiños e o sábado 19 de 10:00 a 14:00 na Casa da Cultura e de 15:30 a 16:30 no Centro de Arqueolóxico do Dolmen de Dombate

- Categorías senior e demais das probas de 3km e 10 km: o sábado 19 de 10:00 a 14:00 na Casa da Cultura do Concello de Cabana de Bergantiños e de 15:30 a 18:00 no Centro de Arqueolóxico do Dolmen de Dombate.

- Os corredores de carreira e os corredores de categorías inferiores usarán o “chip de carreira” que deberán devolver á organización ó remate da mesma.
 - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
- Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuito do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuito.

INSCRICIÓN

As inscricións para os atletas de categorías sénior e máster realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com. O prazo de inscrición remata o mércores 16 de setembro

As inscricións para os atletas menores de idade poderá realizarse a través da plataforma championchip ou presentando un formulario de inscrición no departamento de cultura e deportes do concello organizador.

Así mesmo deberán achegar a autorización paterna no momento de realizar a inscrición.

Tipo de inscrición para atletas adultos:

Corredores de carreira:

- Deberán realizar a inscrición para aquela proba na que queiran participar.
- Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ó remate da proba.

Inscripcións de Categoría Base:

As inscricións para os atletas pitufos, sub 10, sub 12, sub 14, sub 16 e sub18 poderán realizarse a través de:

- 1) Plataforma championship (www.championshipnorte.com.) A autorización paterna xa aparece no momento de realizar a inscrición en www.championshipnorte.com

Cotas de inscrición:

- A inscrición para os atletas é gratuíta

PERCORRIDOS E HORARIOS DAS CARREIRAS DAS DIFERENTES CATEGORÍAS

A) Sub 14, Sub 16, Sub 18, e Absolutos 3K : (17:00 h) Percorrido: Polo chan de Borneiro. 3km. aprox.

B) Sub 12: (17:45 h) Percorrido: Polo chan de Borneiro. 1km. aprox.

C) Sub 10: (18:00 h) Percorrido: Polo chan de Borneiro. 1km. aprox.

D) Pitufos/ Biberón: (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro.300 m. aprox.

E) Absoluta 10 KM APROX. (18:45 h) . Tempo máximo de remate da proba 1h e 20´

E.1) Sub 20 : (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.2) Sub 23: (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.3) Senior: (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.4) Máster 1 : (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.5) Máster 2 : (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.6) Máster 3: (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

E.7) Máster 4: (18:15 h). Percorrido: Polo chan de Borneiro 10km aprox.

CLASIFICACIÓN E TROFEOS /MEDALLAS

- Clasificacións da proba 10 k:
 - Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (a maiores os tres primeiros/as en chegar a meta recibirán trofeo) .
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a empadroadado do concello organizador da proba.

➤ **Clasificacións da proba 3 k:**

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as (os tres primeiros/as que entren na meta independentemente de categoría e idade).

➤ **Clasificacións das probas de base:**

- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (Sub 14, Sub 16 e Sub 18).
- En categorías Sub 10, Sub 12 recibirán medallas todos os participantes na proba, aínda que só subirán ó podio únicamente os tres primeiros clasificados en cada categoría.
- En categoría pitufo/biberón recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba pero non subirán ó podio.

➤ **Entrega de trofeos ós/ás campións da XI CARREIRA POPULAR DOLMEN DE DOMBATE:**

Unha vez rematadas as probas organizarase un acto de entrega de trofeos/medallas a tódolos atletas campións en cada unha das categorías.

O lugar será no Centro Arqueolóxico do Dolmen de Dombate (Carpa habilitada).

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.